

## **Procedemento de xestión dos informes de persoas expertas previos ao depósito da tese**

Aprobado pola Comisión académica do Programa de doutoramento en Tradución e paratradución o 31 de outubro de 2024.

O Regulamento de estudos de doutoramento da Universidade de Vigo, na súa última versión aprobada polo Comité de dirección da EIDO o 30/05/2024 e ratificado polo Consello de Goberno do 20 de xuño de 2024, indica, na **Exposición de motivos** que «se introducen unha serie de medidas vinculadas coa supervisión e avaliación do traballo desenvolvido polo/a doutorando ou doutoranda e a garantía da súa calidade». Así mesmo, no **Capítulo 9 Tese de doutoramento, Artigo 36 Procedemento de autorización da tese para a súa defensa**, indícase que «A tese deberá contar cun mínimo de dous informes emitidos por persoas doutoras expertas na materia, externas á universidade e ao programa de doutoramento, que poderán propoñer aspectos de mellora» e que «Os devanditos informes serán xestionados a través da CAPD mediante o procedemento que esta ditamine.

«A CAPD dispoñerá dun prazo máximo de dous meses desde a solicitude de depósito da tese pola persoa para a remisión á EIDO do seu informe de autorización da tese para a súa defensa.

«De consideralo necesario, a CAPD poderá solicitar un terceiro informe dunha persoa externa á universidade antes de emitir o seu informe de autorización de tese.

«Este informe poderá ser:

«a) Favorable.

«b) Condicionado á necesidade dunha nova versión da tese. Neste caso o informe indicará as correccións necesarias, con indicación do prazo fixado á persoa doutoranda para a presentación das alegacións e/ou das modificacións solicitadas, que non poderá exceder os tres meses.

«c) Desfavorable, que deberá estar suficientemente motivado academicamente. O informe desfavorable reactiva o cómputo do prazo máximo para depositar a tese. Por unha única vez podería volver a solicitarse o depósito da tese.

«No caso de informe condicionado, a non presentación pola persoa doutoranda das modificacións requiridas no prazo marcado pola CAPD implicará de forma automática o informe desfavorable daquela. No caso de que a persoa doutoranda presente as modificacións ou correccións da tese en prazo, a CAPD dispoñerá, desde a data de presentación polo/a doutorando/a do requirido, dun prazo máximo dun mes para remisión á EIDO do informe, neste caso favorable ou desfavorable».

En vista das consideracións anteriores, a Comisión académica do Programa de doutoramento en Tradución e paratradución establece o seguinte **Procedemento de xestión dos informes de persoas expertas previos ao depósito da tese**:

Unha vez rematada a redacción da tese por parte do doutorando ou doutoranda, a dirección da tese deberá enviar á secretaría da Comisión académica un pdf co formato definitivo da tese e indicar o nome das dúas persoas expertas ás que se lles vai solicitar o informe.

Ao mesmo tempo a dirección enviará o pdf da tese de doutoramento ás persoas expertas escollidas coa indicación de que envíen o informe (formulario Informe Evaluador Externo\_uvi\_v4-form.pdf) tanto á dirección da tese como á secretaría da CAPD ([doutoramento\\_paratraducion@uvigo.es](mailto:doutoramento_paratraducion@uvigo.es)) no prazo de 30 días naturais.

Unha vez recibidos os informes, e previa revisión pola CAPD, a secretaría certificará se as persoas expertas dan o non visto bo para a defensa da tese e comunicarllo á dirección para que ben adxunte a resolución aos informes e ao resto de documentación para o depósito (no caso de os informes seren favorables); ben comunique ao doutorando ou doutoranda as modificacións propostas para que as traslade á tese (no caso de os informes daren un visto bo condicionado); ben comunique ao doutorando ou doutoranda o informe desfavorable.